

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	PALAS DE REI
Edificio	Igrexa de San Mamede do Carballal
Dirección	Lugar do Carballal, s/n. 27208
	42.915431 -7.898114
Protección	
Descrición	Edificio románico que foi reformado no século XIX. Ten unha planta rectangular formada por unha nave e un presbiterio rectangulares, de proporcións similares. Os muros que a conforman son de cachotaría e cadeirado de granito, e a cuberta a dúas augas. O pavimento interior está formado a partir de laxes de granito. O presbiterio e a nave sepáranse por medio dun arco triunfal de medio punto. Só conserva da fábrica románica a portada principal e unha portada no lateral dereito da nave, tapiada na actualidade. A portada principal ten dúas arquivoltas con moldura saínte de axedrezado, impostas con diferentes motivos xeométricos, e un par de columnas acodilladas con capiteis decorados con motivos zoomorfos e antropomorfos. O tímpano ten un lazo cruciforme semiinscrito nun círculo. A portada lateral dispón de dúas arquivoltas de baquetón, a exterior con ampla escocia protexida con franxa de billetes. No tellado da nave conserva un bo número de canzorriños.
Campás	2 campás.
Fotos	4
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	www.turismo.gal (Xunta de Galicia)
Data	10-06-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Maior.	DE LA SOTA LÓPEZ, JUAN MARÍA	1880	55	96
Espadana	Menor.	ANÓNIMO (GALICIA)	1806	55	96

Información completa: [Igrexa de San Mamede do Carballal - PALAS DE REI \(GALICIA\)](#)